

**ACTA DA SESIÓN N° 5/2019 DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN EN
PLENO E DE ELECCIÓN DE ALCALDE REALIZADA O DÍA 15-6-2019
(RESULTADO DAS ELECCIÓNNS CELEBRADAS O DÍA 26-5-2019)**

Na casa consistorial do Concello de Irixoa (A Coruña), sendo as doce horas e dous minutos do día quince de xuño de dous mil dezanove reúnense, en primeira convocatoria, os membros electos relacionados seguidamente, aos efectos establecidos nos arts. 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño (Réxime Electoral Xeral) e nos arts. 36 e 37 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro (Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais); os señores concelleiros electos resultaron elexidos nas eleccións locais celebradas o 26-5-2019, convocadas por R.D. 209/2019, e proclamados pola Xunta Electoral de Zona de Betanzos en sesión do 3-6-2019.

Nome do concelleiro electo	Candidatura	Orde proclaim.	Orde candid.
Lucía Abeal Fuentes	Partido Popular	9	7
Sergio Nicolás Boado Seoane	Bloque Nacionalista Galego	7	1
María José Cal Álvarez	Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE	5	1
Antonio Deibe Sanmartín	Partido Popular	1	1
Ramón José Dopico Martínez	Partido Popular	8	6
Juan Manuel Feire Golpe	Partido Popular	4	4
José Otero López	Partido Popular	3	3
Remigio Pérez Bao	Partido Popular	6	5
José Ángel Roca Díaz	Partido Popular	2	2

Actúo de secretario e fedatario da sesión, como titular do concello, Alejandro Alonso Figueira. Todos os electos asinaron e presentaron as declaracións preceptivas para constancia no Rexistro municipal de intereses (bens e actividades).

A sesión, que ten carácter de **EXTRAORDINARIA**, é aberta ao obxecto de proceder coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. FORMACIÓN DA MESA DE IDADE. Inicialmente procédese á formación da mesa de idade, integrada polo sr. concelleiro electo de maior idade, Ramón José Dopico Martínez, que pasa a presidila, e tamén polo de menor idade Remigio Pérez Bao, actuando como secretario da mesma o do concello.

2. COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS E XURAMENTO/OU PROMESA DOS CONCELLEIROS. A mesa de idade comproba as credenciais aportadas e as acreditacións de personalidade, comprobándose a efectiva asistencia de todos os señores concelleiros electos, así como a efectiva presentación das declaracións de bens e intereses; tras a comprobación de todos os requisitos procédese ao xuramento ou promesa dos cargos según dispón o art. 108 da Lei Orgánica 5/1985 e conforme á formula que establece o R.D. 707/1979, do 5 de abril. Todos os electos xuran ou prometen individualmente e de acordo coa fórmula establecida, polo que neste momento adquieren a plena condición de corporativos a todos os efectos legais.

3. DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN. Tras a realización dos trámites previos, a presidencia da mesa de idade declara constituída a corporación, segundo o

disposto no art. 37.4 do R.D. 2568/1986 (Regulamento de Organización e Funcionamento), por concurrir a maioría absoluta do número legal de membros (mínimo de 5 sobre 9).

4. PROCLAMACIÓN DE ELECTOS PARA ELECCIÓN DO ALCALDE. De acordo co disposto no art. 196 da L.O. 5/1985 procédese á proclamación de candidatos para a elección de alcalde, en función de ser concelleiros cabeza de lista das respectivas candidaturas que obtiveron representación, non presentándose renuncia por ningún dos candidatos.

Polo tanto, os candidatos proclamados para a elección de alcalde son os seguintes:

- Sergio Nicolás Boado Seoane (Bloque Nacionalista Galego - B.N.G.)
- María José Cal Álvarez (Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE)
- Antonio Deibe Sanmartín (Partido Popular - P.P.)

5. ELECCIÓN DO ALCALDE. A continuación decídese o sistema de votación; como secretario informo que non hai ningún sistema pre establecido. A mesa de idade decide que se utilice o sistema de votación ordinaria.

Procedéndose á votación ordinaria (man alzada) por cada candidato, obtense o seguinte resultado:

Concelleiro candidato	Candidatura	Número de votos
Sergio Nicolás Boado Seoane	(B.N.G.)	un (1)
María José Cal Álvarez	(PSdeG-PSOE)	un (1)
Antonio Deibe Sanmartín	(PP)	sete (7)

Polo tanto declarase proclamado alcalde do concello a Antonio Deibe Sanmartín, ao obter a maioría absoluta (art. 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño).

6. XURAMENTO/OU PROMESA DO ALCALDE E TOMA DE POSESIÓN. Acto seguido o sr. alcalde electo Antonio Deibe Sanmartín procede á promesa do seu cargo, conforme á fórmula establecida no R.D. 707/1979, polo que toma posesión da Alcaldía e continúa coa presidencia da sesión.

7. ACTA DE ARQUEO E INVENTARIO DO PATRIMONIO. A continuación polo sr. secretario-interventor-tesoureiro dáse lectura da acta de arqueo extraordinaria redactada con motivo da constitución da nova corporación, xustificándose cos certificados de saldo nas distintas entidades financieras con conta municipal, así como co diñeiro metálico existente na caixa municipal e os valores que obran nas oficinas. Asimesmo dase conta do estado actual do patrimonio municipal, tendo en conta a contabilidade financeira municipal; todo elo en virtude da normativa aplicable á presente sesión (art. 36.2 del R.D. 2568/86; art. 86 del R.D. Legislativo 781/1986, do 18 de abril; art. 33.2 del R.D. 1372/1986, do 13 de xuño).

O resumo de tal documentación é o seguinte:

1º ARQUEO

A. ARQUEO DE TESOURERÍA

Existencia a data do arqueo anterior (31-5-2019)...	159.852,64
Ingresos dende dito arqueo.....	<u>113.742,49</u>
SUMA.....	273.595,13
Pagos dende dito arqueo.....	<u>- 61.258,62</u>
EXISTENCIA.....	212.336,51 €

B. CLASIFICACIÓN DE MOVEMENTOS (1 a 14-6-2019)

	TOTAL
Ingresos de orzamento.....	37.131,27
Gastos de orzamento	- 61.258,62
Ingresos non orzamentarias	76.211,22
Gastos non orzamentarios	- 0,00
<u>Devolución de ingresos</u>	<u>- 0,00</u>
SUMA movementos	52.483,87 €

C. VALORES EN DEPÓSITO (14-6-2019) 59.940,40 €

2º INVENTARIO DO PATRIMONIO MUNICIPAL (BALANCE)

A- ACTIVO a 14-6-2019 (INMOBILIZADO)	6.841.115,81
B- PASIVO a 14-6-2019 (Débedas a curto prazo)	80.809,18
<u>C- PASIVO a 14-6-2019 (Acreedores a curto prazo)</u>	<u>218.466,71</u>
PATRIMONIO LÍQUIDO 14-6-2019 (A - B)	6.541.839,92 €

Invitados os sres. corporativos a que propoñan algúun acordo ou actuación para delimitar posibles responsabilidades dos membros da corporación anterior cesada, ningún deles propón nada por conformidade inicial coas cifras ofrecidas; todo elo sen prexuízo de non renunciar aos exames e comprobacóns futuras que sexan necesarias, por se houbera lugar a declarar responsabilidades que non deban ser asumidas pola nova corporación. A comprobación actual tamén servirá de base para analizar posibles responsabilidades futuras dos corporativos entrantes.

Antes de levantar a sesión o sr. alcalde dirixe unhas breves verbas de felicitación aos corporativos para este novo mandato, desexa sorte nas súas funcións e pide respecto entre os corporativos, tanto do equipo de goberno á oposición como desta ao equipo de goberno.

Sendo as doce horas e dezasete minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión da cal eu, Secretario, estendo a presente acta coa que dou fe da mesma.

O SECRETARIO

Visto e prace
O ALCALDE